

**LAST CALL:
AXUDAS ECOBAS
ACTIVIDADES I+D+i**



Prezada comunidade:

Abrimos esta newsletter coa DERRADEIRA CHAMADA para a presentación de solicitudes de **axudas** ECOBAS para a realización de **actividades de I+D+i**: reunións de carácter científico coma congresos, workshops, conferencias, cursos, mesas redondas e charlas divulgativas. DATA FIN: **30 setembro** 2024. Por outra banda, esta semana con actividades na Coruña, Santiago e Vigo, agardamos que a axenda que vos temos preparada sexa do voso interese. Saúdos e boa semana!!

>>> **LAST CALL!! CONVOCATORIA 2024 AXUDAS ECOBAS PARA ACTIVIDADES I+D+i**

2024

AXUDAS ECOBAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE I+D+i

DESTINATARIOS:

- Persoal investigador membro acreditado de ECOBAS


TIPOLOXÍA DE ACTIVIDADES

- Reunións científicas: Congresos, Workshops e conferencias, Cursos, Mesas redondas, Charlas divulgativas.
- Cursos de verán.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- Aberto ata o 30 de setembro de 2024 ás 23.59 h.

BASES COMPLETAS DA CONVOCATORIA: www.ecobas.gal


 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

AXENDA



>>> “DESCARBONIZANDO A ECONOMÍA: LUCES E SOMBRAS NA TRANSICIÓN ENERXÉTICA”

Libra de Oficio



XOVES
26/09

Afondando no desafío da transición enerxética, ECOBAS celebrará na Coruña unha nova edición da súa “Libra de Oficio”, na que contaremos coa intervención de Jorge Blázquez, Senior advisor for the energy transition and systems analysis da compañía multinacional BP e membro do Consello do British Institute for Energy Studies.

- LUGAR: **A CORUÑA**. Sala do Consello de Goberno da UDC. Rúa da Maestranza, 9.
- HORARIO: de 18:30 h a 20:00 h.
- O encontro tamén será retransmitido en streaming a través da canle de ECOBAS en YouTube.

>>> **III XORNADAS DIVULGATIVAS IUEM: NOVAS PERSPECTIVAS PARA A REGULACIÓN, XESTIÓN E CONTROL DAS VERTEDURAS DE PLÁSTICO AO MAR**

26 e 27
SETEMBRO

A investigadora de ECOBAS e Directora do Instituto Universitario de Estudos Marítimos (IUEM), **Isabel Novo Corti**, coordina a organización e participa os vindeiros 26 e 27 de setembro nas III xornadas divulgativas do Centro, nas que un amplo panel de expertos abordarán as perspectivas para o avance en materia de regulación, xestión e control das verteduras de plásticos aos nosos mares.

- Lugar: CEIDA: Centro de Extensión Universitaria e Divulgación ambiental de Galicia. Illa Santa Cruz s/n 15179 Porto de Santa Cruz. Oleiros
- Modalidade: presencial
- Inscripción gratuita. Entrega de diploma aos asistentes.
- [Consulta o programa detallado](#)
- [Accede á páxina de rexistro para este evento](#)



**INSTITUTO
UNIVERSITARIO
DE ESTUDIOS
MARÍTIMOS**

>>> **6TH GCD WORKSHOP ON REGIONAL DEVELOPMENT AND INNOVATION**

26 e 27
SETEMBRO

O grupo de investigación Jean Monnet de Competencia e Desenvolvemento Rexional na Unión Europea (GCD) liderado pola secretaria científica de ECOBAS, Emma Iglesias, organiza o 6º workshop sobre desarrollo regional e innovación. O encontro terá lugar na Coruña, no Salón de Graos da Facultade de Economía e Empresa da UDC.

[Descargar programa](#)

O labor de investigación deste grupo abrangue temas relacionados coa economía da competencia, a competitividade empresarial e o desenvolvemento. O grupo combina os plantexamentos teóricos coas políticas e a xestión centrándose nos ámbitos da economía e política de desenvolvemento rexional, as políticas da Unión Europea e a innovación, os riscos percibidos e a xestión dos procesos de innovación de produto.



AXENDA



»»» ECOBAS NA G-NIGHT 2024

VENRES
27/09

Volve a noite europea das persoas investigadoras e de novo a G-Night contará con persoal de ECOBAS protagonizando actividades divulgativas das Ciencias Sociais nalgunhas das principais cidades galegas o derradeiro venres de setembro.



Na mesma data despregaremos tamén un espazo ECOBAS na expo-feira científica no Edificio Redeiras da Universidade de Vigo, onde daremos a coñecer como a investigación en Ciencias Sociais contribúe a crear unha sociedade máis xusta. Coñece [o noso programa aquí](#).

E se queres facer un percorrido pola panorámica completa da programación que se espallará por toda Galicia co gallo deste macro-evento, entra na [web oficial da G-NIGHT](#), coordinada pola UCC+i da UVIGO.

»»» SEMINARIO DE DOUTORAMENTO: ROGÉRIO GOUVEIA BESSA

XOVES
03/10

Rogério Gouveia Bessa, alumno do Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial, presenta o traballo titulado **“Financial literacy and Robot-advisors: Essays on causalities”**.

- ACTIVIDADE HÍBRIDA SÍNCRONA
- PRESENCIAL: Facultade de CC. EE. UVIGO, Aula 156
- ONLINE: imprescindible [REXISTRO PREVIO aquí](#)
- Data: Xoves 3 de outubro de 2024
- Hora: 13:00 h (CET)



»»» DÍA DA EDUCACIÓN FINANCEIRA 2024: 2º ENCONTRO AFFE

Luns 7 outubro

Día da Educación Financeira

2º ENCONTRO AFFE

ALFABETIZACIÓN FINANCEIRA EN CONTEXTOS ORGANIZATIVOS

Luns 7 de outubro de 2024
10:00 a 17:00 h

Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo da UVigo - Sala de lectura Ourense

- PRESENCIAL: Aforo limitado
- ONLINE: Via Teams
- Imprescindible rexistro previo
- INSCRIPCIÓN: www.ecobas.gal



Organizan:  

Colaboran:   

Coordinado polo IP **Ernesto López-Valeiras** e a investigadora predoutoral **Cristina Ilie**, xunto con **Sara Fernández** e **Marcos Álvarez**, membros permanentes de ECOBAS, o primeiro luns de outubro celebramos o Día da Educación Financeira co 2º Encontro do Observatorio AFFE.

- Lugar: OURENSE. Facultade de CC. Empresariais e Turismo. Sala de Lectura.
- Modalidade: híbrida.
- Consulta o programa detallado
- IMPRESINDIBLE INSCRIPCIÓN PREVIA, AQUÍ

AXENDA




>>> ACTO APERTURA DE CURSO 2024/2025

MÉRCORES
09/10

SAVE THE DATE!!! Alumnado do **Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial** e alumnado do **Mestrado Interuniversitario en Economía**, estamos a preparar un programa moi especial para vós con motivo da apertura do novo curso 2024/2025.

Será na Facultade de CC. Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo na mañá do mércores 9 de outubro e contamos cun programa moi especial para o alumnado de ambas titulacións, pois neste encontro contaremos coas intervencións:



“Economics, Language and Theory”

Prof. Alí Kahn (Professor of Political Economy),
Johns Hopkins University (USA)



“Novos retos da carreira investigadora en management”

Prof. Carmen Cabello Medina
Universidad Pablo de Olavide (Sevilla)

- Lugar: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo. Salón de Graos.
- Modalidade: presencial/online (horario de mañá)
- Contaremos con transporte para o alumnado procedente de fóra de Vigo.
- **Imprescindible INSCRIPCIÓN AQUÍ.**

>>> CURSO INTRODUCTORIO DE R: EXCLUSIVO PARA O ALUMNADO DE DOUTORAMENTO EN ANÁLISE ECONÓMICA E ESTRATEXIA EMPRESARIAL

10 e 11
OUTUBRO

O Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial organiza coa colaboración de ECOBAS o “Curso introductorio de R” en exclusiva para o alumnado matriculado neste programa.

Este curso, que se desenvolverá en dúas xornadas nun total de 7 horas lectivas, será impartido polo Catedrático da UVigo Javier Roca Pardiñas.



- **Persoas destinatarias: exclusivo para o alumnado do Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial.**
- Modalidade: ONLINE. Imprescindible inscrición previa (gratuita).
- Entrega de diplomas ao alumnado participante.
- Solicita aquí a túa praza.

ACTUALIDADE ECOBAS



>>> PRESENTACIÓN DE ECOBAS NA UDC

A iniciativa da Rede de Centros e Unidades de I+D+i da UDC (REDCIDI), o equipo directivo de ECOBAS presentará en reunión presencial cos responsables das unidades e centros de investigación da UDC as liñas de traballo do noso Centro. O obxectivo desta xuntanza é ampliar o coñecemento da nosa actividade investigadora para fomentar futuras sinerxias e favorecer o desenvolvemento de proxectos conxuntos capaces de dar resposta aos distintos desafíos dende unha perspectiva multidisciplinaria.

- LUGAR: Edificio CITIC. A CORUÑA.
- As persoas interesadas en asistir a esta reunión poden contactar directamente por email a ecobas@ecobas.gal
- **ACTIVIDADE PRESENCIAL**

>>> ESTADÍAS EN ECOBAS



Franziska Stickling é estudante da Universidade de Munich, está facendo un Máster en Finanzas e Xestión da Información, en colaboración coa Universidade de Toronto. Dende o pasado 16 de setembro, Franziska se atopa na Facultade de CC. Económicas e ADE da USC, onde desenvolverá unha estadía de dous meses froito da colaboración coa directora científica de ECOBAS, María Loureiro e o profesor Luis Seco da Universidade de Toronto.

Franziska centra o seu traballo de investigación na avaliación do sequestro mundial de carbono forestal e a valoración do impacto do cambio climático no potencial futuro de sequestro de carbono forestal en todo o mundo.

.....




Pola súa parte, o grupo de investigación en Análise Económica, Contabilidade e Finanzas RGEAF que coordina o investigador de ECOBAS e catedrático emérito da UVIGO **Carlos Hervés**, conta estes días coa visita de **Adán Salas Gutiérrez**, profesor da Facultade de Economía da Universidad Nacional Autónoma de México, co que colabora habitualmente.

>>> A DIRECTORA CIENTÍFICA DE ECOBAS, RELATORA NA 8TH IAERE SCHOOL ON “NATURAL HAZARDS, HUMAN DISASTERS: ECONOMICS AND POLICY OF EXTREME EVENTS”



Organizada polo Dpto. de Economía da Universidade de Roma Tre e a Italian Association of Environmental and Resource Economists (IAERE), esta Summer School afondou esta semana na análise económica da avaliación de riscos e sistemas de alerta, sobre as estratexias de planificación e recuperación para mitigar e preparar a resposta aos riscos naturais; e abordará as estratexias de adaptación de éxito para reducir os efectos negativos dos fenómenos extremos relacionados co clima.



COMUNIDADE



>>> PREMIOS ENRIQUE FUENTES QUINTANA A TESES DOUTORAIS



Nominados na honra do eminente profesor, os Premios Fuentes Quintana teñen como obxectivo recompensar o esforzo, o compromiso e o duro traballo que esixe a realización dunha tese doutoral. Se premian as seguintes categorías:

- Economía, Finanzas e Empresa
- Ciencias Políticas, Socioloxía e Comunicación
- Ciencias da Saúde e da Vida
- Humanidades
- Enxeñaría, Matemáticas, Física, Química e Arquitectura



[Descargar BASES](#)

>>> BOLSAS DE DOUTORAMENTO INPHINIT



A Fundación LA CAIXA convoca 60 becas de doutoramento destinadas a impulsar o talento investigador entre mozos e mozas, de calquera nacionalidade, que desexen realizar estudos de doutoramento en territorio español ou portugués.



[Consulta aquí as características do programa de bolsas](#)

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

